



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 10 DE MAIO DE 2019

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José María Tojo Espiñeira.

D. José Antonio Calviño Gómez.

D. José Lino Bermúdez Sueiro.

PP:

D. José Manuel García Sesmonde.

D. Adolfo Manuel Grobas Vázquez.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D. Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 10 de maio de 2019, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO CE 01/2019. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DE PRESIDENCIA Ó PLENO DO CONCELLO

Expte. de Crédito extraordinario (Ref. CE 01/2019)

Vista a liquidación do exercicio 2018, da que resultou superávit orzamentario, e considerando a posibilidade de adicalo a inversións financeiramente sostibles, de conformidade co artigo 32 e a disposición



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

adicional 6ª da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira, en relación coa disposición adicional 16ª do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Resultando necesario levar a cabo a instalación de novas varandas de seguridade no contorno da lagoa das Brañas da Valga, en substitución das varandas existentes, que se atopan en mal estado, con perigo para o tránsito peonil, nunha lonxitude de 521 metros, debendo realizarse de xeito inmediato no presente exercicio.

Incoado por orde desta Presidencia expediente de modificación de créditos (referencia crédito extraordinario CE 01/2019), de conformidade cos artigos 177 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, e vistos os informes de Intervención en relación coa lexislación aplicable e en relación coa estabilidade orzamentaria, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito, mediante crédito extraordinario CE 01/2019, para aplicación do superávit orzamentario, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, por importe de 18.529,41€, destinado a financiar a seguinte inversión financeiramente sostible:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Consignación inicial	Crédito extraordinario	Consignación final
333.25.61900	Produción de bens públicos de carácter preferente. Equipamentos culturais e museos. Outras inversións de reposición en infraestruturas e bens destinados a uso xeral. Varanda de seguridade nas Brañas da Valga.	0,00€	18.529,41€	18.529,41€

Segundo.- Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O presente acordo entenderase aprobado definitivamente se durante o prazo de exposición ó público non se presentan reclamacións.

Mesía, 7 de maio de 2019. O Alcalde, Asdo. Mariano Iglesias Castro."

Manifesta o Sr. Alcalde que, así mesmo, debe darse conta de que no informe de estabilidade de intervención incorporado ao expediente, ponse de manifesto a posibilidade de que esta modificación de crédito de lugar ao incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ao peche do exercicio. A estes efectos, se ao efectuar a liquidación do exercicio 2019



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

resultase efectivamente un incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, o Pleno debería formular un Plan económico financeiro que permitise acadar o cumprimento dese obxectivo de estabilidade orzamentaria. Agora ben, tamén é posible que cheguemos á inestabilidade sen esta modificación de crédito ou que, aínda que a fagamos, liquidemos o exercicio en estabilidade. En todo caso, estas modificacións xa as fixemos outras veces e sempre pechamos o exercicio cumprindo todos os parámetros esixibles, polo que faremos un seguimento exhaustivo da execución do gasto para que isto siga sendo así.

Esta modificación consiste en aplicar superávit orzamentario do pasado exercicio para cumprimentar a parte municipal do proxecto que lles acabo de comentar, que ten un importe total de 52.941,18€, dos que a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta subvenciona 34.411,17€.

O Sr. Alcalde pasa a palabra ao voceiro do PP, o Sr García Sesmonde, quen manifesta que nós imos votar a favor do acordo, pero non nos parece normal traer este acordo aquí hoxe, precisamente cando comeza a campaña electoral.

Resposta o Sr. Alcalde que tráese aquí este acordo hoxe por un tema de prazos, xa que temos que cumprimentar a aportación municipal da subvención da Xunta, que nos chegou a semana pasada, e este acordo ten que ir a información pública quince días, e despois hai que facer o procedemento de contratación, así que aínda traendo este acordo hoxe aquí, non sei se seremos quen de cumprimentar a execución do proxecto subvencionado en tempo e forma. Coido que aínda que sexa esteticamente cuestionable, como di vostede, non creo que o concello poida permitirse perder unha subvención por non tomar os acordos en prazo.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as nove horas, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,